



# PROXECTO EDUCATIVO

REVISIÓN MARZO DE 2024

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- ASPECTOS XERAIS.....	3
2.1.- O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.....	3
2.2.- MARCO LEGAL.....	4
3.- ANÁLISE DO CONTEXTO.....	8
3.1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	9
3.2.- HISTORIA.....	9
3.3.- TIPOLOXÍA DO CENTRO.....	9
3.4.- SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA-CULTURAL.....	10
3.5.- ALUMNADO.....	11
4.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	11
4.1.- INSTALACIÓNS.....	11
4.2.- HORARIOS.....	12
4.3.- PROFESORADO.....	13
4.4.- ALUMNADO.....	13
4.5.- FAMILIAS.....	13
4.6.- PERSOAL NON DOCENTE.....	13
4.7.- RELACIÓN COA COMUNIDADE E INSTITUCIÓNS.....	14
5.- PRINCIPIOS DE IDENTIDADE.....	14
5.1.- CONFESIONALIDADE.....	14
5.2.- LINGUA DE APRENDIZAXE.....	14
5.3.- LIÑA METODOLÓXICA.....	15
5.4.- TRANSVERSALIDADE.....	16
6.- FINS E OBXECTIVOS DO CENTRO.....	17
6.1.- FINS.....	17
6.2.- OBXECTIVOS.....	18
7.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	21
7.1.- CONCRECIÓN CURRICULAR.....	21
7.2.- METODOLOXÍA.....	23
7.3.- COMPETENCIAS CLAVE.....	25
7.4.- AVALIACIÓN.....	26
7.4.1.- CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN.....	29
7.4.2.- CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA.....	31
7.4.3.- PLAN DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN.....	31
7.4.4.- PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO OU PERSONALIZADO.....	31
7.5.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	32



7.6.- PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	33
7.7.- MEDIDAS PARA PROMOVER ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.....	33
7.8.- PLAN DE CONVIVENCIA.....	34
7.9.- PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA.....	34
7.10.- PROXECTO LECTOR- PLAN DE BIBLIOTECA E LECTURA.....	35
7.11.- PLAN DE EDUCACIÓN DIXITAL.....	35
7.12.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	35
8.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	36
8.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS E DE GOBERNO.....	36
8.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	36
8.3.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS.....	36
8.4.- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS.....	37
9.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	37
10.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	38
11.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	38
12.- XESTIÓN ECONÓMICA.....	38
13.- AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN, APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.....	40

## 1.- INTRODUCCIÓN

Os múltiples cambios na lexislación educativa coa publicación de diferentes leis, decretos, ordes, etc, obrigan a actualizar o proxecto educativo existente neste centro, redactado hai moitos anos.

Trátase dunha proposta integral que, contextualizada no contorno e nas características propias do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar, define as metas que perseguimos e os criterios comúns, e permite levar a cabo, de forma coherente e eficaz, os procesos educativos do centro, comprometendo a toda a comunidade educativa.

A súa elaboración, tal como dispón a lei, foi un dos obxectivos específicos do actual equipo directivo durante o curso 2023-2024.

Aínda que a súa redacción correspondeu ao equipo directivo, tratouse de adoptar unha metodoloxía que implicase a toda a comunidade educativa para recoller todas as ideas e propostas que dela puideran xurdir.

Non se trata dun documento pechado e ríxido, será sometido ás revisións periódicas necesarias para facer os axustes pertinentes segundo as demandas que, en materia educativa, vaian xurdindo, coa finalidade de ser un documento operativo e vixente en todo momento que abarcará todos os ámbitos da xestión escolar. Así mesmo actuará de xeito coherente coa identidade do centro e da comunidade educativa, sinalando claramente o rumbo a seguir, as liñas directrices e as estratexias de actuación.

## 2.- ASPECTOS XERAIS

### 2.1.- O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Coa publicación da LOE os centros gañan en autonomía, tal e como se indica no artigo 120: *"Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro"*.

Posteriormente, coa entrada en vigor da LOMLOE, establece no artigo 121 a modificación do apartados 1 e 2 quedando redactados nos seguintes termos:

1. *O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos, que corresponde fixar e aprobar ao*

*Claustro, e impulsará o desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientadas ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre homes e mulleres, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. Tamén contará coa estratexia dixital do centro.*

En esencia trátase de redactar un documento no que aparezan as características propias do centro e as medidas que nel se adoptan para organizar o seu funcionamento e conseguir así os obxectivos que se perseguen nos distintos ámbitos da comunidade escolar. Isto implica a elaboración dun documento extenso que da cabida a todos os elementos que constitúen a vida dentro dun centro educativo.

En definitiva, debe dar resposta as seguintes cuestións:

- **Onde estamos?** O entorno social, económico cultural
- **Quen somos?** Os nosos sinais de identidade
- **Que pretendemos?** Unha autonomía pedagóxica definindo os nosos obxectivos e a nosa concreción curricular e elaborando plans e programas que nos axuden a este fin.
- **Como nos organizamos?** Tal e como se recolle nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro

## 2.2.- MARCO LEGAL

Os diferentes aspectos recollidos no Proxecto Educativo teñen unha base legal que os regula inicialmente e que o centro concreta e adapta á súa realidade.

- ❖ A ideoloxía propia do centro é coherente cunha serie de textos moi xerais como:
  - A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
  - A Constitución Española de 1978.
  - O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.
- ❖ Os aspectos educativos están regulados por:
  - A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
  - A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei

Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOMLOE)

- ❖ O funcionamento do CEIP está regulado por:
  - Decreto 374/96, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
  - Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
  
- ❖ A nivel curricular:
  - Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.
  - Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
  - Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria,

educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

❖ Atención á diversidade:

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas pola lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

❖ En materia de convivencia escolar:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

❖ Plurilingüismo:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Resolución do 2 de abril de 2018, Da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o

programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil).

❖ Admisión de alumnado:

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, da ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

❖ Funcionamento do comedor escolar:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos.
- Orde do 21 de febreiro de 2007
- Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a Orde do 21 de febreiro de 2007.

❖ A administración dos recursos económicos do centro:

- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios. Modificada pola Orde do 22 de xullo de 1997 e pola Orde do 26 de febreiro de 1993.

❖ Os protocolos de actuación en cuestións administrativas:

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administracións Públicas.

❖ Para todos os empregados públicos:



- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos licenzas e vacación do persoal docente.
- Orde do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- V Convenio colectivo único para el persoal laboral da Xunta de Galicia

### 3.- ANÁLISE DO CONTEXTO



### 3.1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está ubicado nas Illas Cíes, n 2 en Narón. Narón atópase no noroeste galego da provincia da Coruña

O principal acceso cos núcleos de poboación máis próximos é pola estrada, en concreto a Estrada de Castela que nos seus seis quilómetros e medio atravesa o núcleo urbano do concello ata chegar a Ferrol e as estradas autonómicas Ferrol- Cedeira e Ferrol-Ribadeo. Varias liñas de autobuses comunican o termo municipal cos concellos limítrofes. Hai que engadir a comunicación pola autoestrada AP-9 Ferrol- Narón-Madrid.

O tren Ferrol- Xixón e outra alternativa, moi preto do noso centro temos o apeadoiro Virxe do Mar.

No Alto do Castaño está o Servizo Sanitario e atención primaria do Sergas que funciona tamén como servizo de urxencias médico.

O concello oferta actividades culturais e deportivas nas colexios tanto en horario lectivo como fóra do mesmo, polas tardes nos centros educativos así como nas distintas instalacións deportivas e culturais que posúe o concello.

### 3.2.- HISTORIA

A construción do centro data do ano 1967, comezando a nosa andaina como centro educativo no curso 1967/1968 cun total de 22 aulas.

O edificio sufriu varias ampliacións no ano 1981, a ampliación do ximnasio e salón de actos que comezaron en agosto de 1981 e remataron en maio de 1982.

Nun primeiro momento o centro pertencía ao MEC e ao Ministerio de Defensa. No ano 2000 pasa a pertencer a Xunta de Galicia trala *Resolución 121/2000, do 25 de abril, da Subsecretaría pola que se da publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Consellería de Educación e Ordenación da Xunta de Galicia para a cesión de uso dun instituto de Educación Secundaria, dous colexios de Educación Primaria e un centro de Educación Infantil.*

### 3.3.- TIPOLOXÍA DO CENTRO

**Denominación:** C.E.I.P. Plurilingüe Virxe do Mar

**Titularidade:** Centro público dependente da Consellería de Cultura Educación e

Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

**Código do centro:** 15023508

**Niveis educativos que imparte:** Segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria  
Segundo a Orde do 16 de xullo de 2018 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos están autorizadas 3 unidades de Educación Infantil e 6 en Educación Primaria.

Na actualidade están en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria.

### **3.4.- SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA-CULTURAL**

O barrio onde se atopa o centro é un conxunto de bloques de casas na barriada das chamadas Casa da Mariña. Casa de barrio antigas cunha superficie habitables inferior ós 80 metros cadrados. A maioría das familias vive nestas casas.

O contexto socioeconómico e cultural do alumnado é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro, que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo.

Na análise de composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe alta pertence a unha clase social medio-baixa.

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.

A ANPA do centro, amosa disposición de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan desde o centro.

### 3.5.- ALUMNADO

A maioría do alumnado do centro pertence a un ambiente urbano.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e teñen como lingua materna o castelá, lingua falada diariamente nas súas casas. Existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias; así, nas familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcese resultados escolares satisfactorios de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

### 4.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

#### 4.1.- INSTALACIÓNS

O centro está formado por dous edificios, anexos en forma de L. O edificio principal dispón de tres plantas. No edificio lateral están o ximnasio (no soto) e o salón de actos (primeiro andar). Ambos teñen comunicación interna co edificio principal e externa co patio de Educación Infantil e Educación Primaria. No presente curso escolar estase a colocar un ascensor.

<b>PLANTA BAIXA</b>	Conserxería
	Administración: Dirección- Xefatura e Secretaría
	Despacho de orientación
	Sala de mestres
	Espazo para gardar material funxible
	2 aulas de infantil con aseos dentro
	Aseos de mestres e aseos de alumnado

	Dous cuartos para material de limpeza
<b>PRIMEIRO ANDAR</b>	<b>3 aulas:</b> unha de E.I. e dúas de primaria
	Biblioteca
	Comedor
	Tres aseos
<b>SEGUNDO ANDAR</b>	6 aulas de primaria
	Aula de Informática
	Aula do ANPA
	Dous aseos
	Un cuarto de limpeza
<b>TERCEIRO ANDAR</b>	Aula de inglés
	Aula de música
	Aula para polos creativos
	Espazo para radio escolar
	Dúas aulas de primaria
	Aula de PT
	Aula de AL
	Aula de almacén

#### 4.2.- HORARIOS

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar conta cun horario de xornada continuada de 09:00 a 14:00.

A xornada diaria de atención ao alumnado será a seguinte:

- De 07:30 a 09:00 h: Programa de Madrugadores organizado pola ANPA
- De 09:00 a 14:00 h: Xornada lectiva atendida polo profesorado do centro
- De 14:00 a 16:00 h: Atención de comedor escolar; xestión indirecta da Consellería

de Educación mediante contratación dunha empresa de restauración

- De 16:00 a 18:00 h: Actividades Extraescolares organizadas polo concello de Narón e pola ANPA

O día común de presenza simultánea de profesorado no centro é os martes pola tarde en horario de 16:00 a 19:00 horas

As actividades lectivas desenvolveranse en 5 sesións de 50 minutos cada unha, un recreo de 30 minutos e a aplicación do plan lector de 20 minutos.

#### **4.3.- PROFESORADO**

Durante o curso 2023-2024 o número de **profesores** con base no centro é de 20. Deste profesorado 12 teñen a súa praza en propiedade neste centro e 8 son provisionais. A maiores contamos con 2 mestres de relixión católica e o orientadora compartidos con outros colexios da zona e con base neses centros.

#### **4.4.- ALUMNADO**

No presente curso están matriculados 202 alumnos, 55 en Educación Infantil e 147 en Educación Primaria. Aínda que non é posible xeneralizar en canto ás características deste alumnado, os intereses e finalidades varían en función da idade.

#### **4.5.- FAMILIAS**

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social.

As familias participan no centro a través dos seus representantes no Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, mediante a participación a través da ANPA e nas reunións canalizadas polo titor/a.

#### **4.6.- PERSOAL NON DOCENTE**

Dentro do persoal non docente, o centro conta con 1 subalterno traballador do concello

que fai as labores de conserxería e 2 traballadoras que pertencen ao persoal laboral da Xunta de Galicia e que levan a cabo as labores de limpeza do centro.

#### **4.7.- RELACIÓN COA COMUNIDADE E INSTITUCIÓNS**

De cara a unha boa comunicación coa ANPA realízanse xuntanzas co representante da ANPA ao fin de intercambiar información e escoitar propostas para traballar xuntos para a boa marcha do colexio.

As relacións co Concello lévanse a cabo a través das Concellerías de Educación, Cultura e Deportes, Servizos Sociais, Normalización Lingüística, Policía Local... para a realización de diversas actividades dentro do horario lectivo, nas actividades extraescolares, na organización de concursos, .... e en todas aquelas que fomenten o coñecemento de novas realidades, ofrecendo unha aprendizaxe activa a través doutro tipo de experiencias e vivencias directas.

#### **5.- PRINCIPIOS DE IDENTIDADE**

##### **5.1.- CONFESIONALIDADE**

Como público que é, o centro é aconfesional, respectando todas as relixións tanto de profesores como de alumnos. A posición de todas as persoas que traballan nesta institución será de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa.

O centro é ideoloxicamente pluralista, sobre todo, nos aspectos políticos e relixiosos. Facilitarémolle ao alumnado información obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poida formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables.

##### **5.2.- LINGUA DE APRENDIZAXE**

O alumnado deste centro maioritariamente ten como lingua materna o castelán. Na Educación Infantil o noso profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado.

A utilización do galego como lingua de comunicación e aprendizaxe será, como mínimo, igual a da lingua castelá.

O profesorado fomentará a adquisición progresiva do galego no sentido de que se

converta no idioma base da aprendizaxe e así obter a competencia necesaria que lle permita comunicarse normalmente en galego cos seus compañeiros e cos seus profesores.

Na Educación Primaria o profesorado garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa nas dúas lingua oficiais da Comunidade Autónoma.

En todo caso deberá garantirse que, ao finalizar a escolaridade, o alumnado teñan un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais.

Desde o curso 2015-2016 somos centro Plurilingüe, impártese inglés na área de Educación Plástica na Educación Primaria. Na actualidade o programa está a desenvolverse desde primeiro ata sexto de Educación Primaria, tal e como está recollido no capítulo IV do Decreto 79/2010.

Na actualidade tamén somos un centro Plurinfantil, o alumnado de Educación Infantil, desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, traballando todas as áreas e desenvolvendo as competencias clave a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos conta cunha sesión diaria de 20 minutos en lingua inglesa.

A coordinación do Proxecto será levada a cabo polo/a especialista de lingua estranxeira. O Proxecto leva implícito unha auxiliar de conversa que está no centro 12 horas semanais.

### **5.3.- LIÑA METODOLÓXICA**

É practicamente imposible definir unha liña metodolóxica unitaria. Todo profesor ten o dereito de liberdade de cátedra, dereito individual a escoller a metodoloxía coas miras postas sempre no alumnado e aportando o seu estilo docente. No obstante desde o centro acadamos un consenso a través do diálogo á hora de determinar cales van a ser os principios básicos.

- No centro desenvolvemos unha metodoloxía que busca o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos; combinamos o traballo individual e no libro de texto coa practica de metodoloxía centrada na aprendizaxe significativa, aprendizaxes a través do descubrimento, procurando fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora respectando sempre os ritmos de aprendizaxe.



- O entorno debe ser un punto de partida fundamental na adquisición de coñecementos posteriores así como para conseguir a inserción dos alumnos no entorno social no que viven.
- Os contido adaptáranse, no posible, ás etapas de desenrolo psicolóxico e ao ritmo evolutivo do alumno.
- O profesorado tratará de unificar criterios de actuación para conseguir o cumprimento desas liñas, procuraremos que a coordinación e colaboración dos profesionais sexa o máis intensa posible, fundamental para lograr un desenvolvemento da actividade docente a para crear un clima adecuado de aprendizaxe.

#### 5.4.- TRANSVERSALIDADE

O noso centro pretende transmitir ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (*tolerancia, solidariedade, igualdade, responsabilidade, respecto, defensa do medio natural, defensa da paz, colaboración nas tarefas do grupo, respecto aos seres vivos e ao medio ambiente, interculturalidade, xustiza e liberdade*) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral. Así mesmo tamén fomentamos unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

A Educación Sostible proporciona ao alumnado de todas as idades os coñecementos, as competencias, os valores e o poder de acción necesarios para superar os desafío mundiais interrelacionados aos que debemos facer fronte. En definitiva, o alumnado deber ser capaz de tomar decisións informadas e actuar a título individual e colectivo co obxectivo de cambiar a sociedade e coidar o planeta. É unha aprendizaxe ao longo de toda a vida que é parte integral dunha educación de calidade.

A nosa finalidade é que o alumnado sexa capaz de adaptarse á dinámica da sociedade actual, contribuindo ao benestar colectivo. Queremos que se integren na convivencia democrática e valoren o respecto polos dereitos humanos.

A coeducación, neste centro, supón entre outros compromisos, orientar a actividade cara a unha educación para a igualdade entre sexos. Traballaremos por superar os roles tradicionais do home e da muller practicando un tipo de educación para a igualdade sen



discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.

A través das vivencias entre nenos e nenas chegaremos á plena aceptación da propia sexualidade e á dos outros. Non nos conformamos en ter nenos e nenas na mesma aula, o noso obxectivo é o respecto á propia persoa e á do outro.

Nos escritos divulgativos internos ou externos procurarase que aparezan reflectidas as formas do masculino e do feminino.

Por outra banda, as relacións e as experiencias que vive o alumnado nos seus entornos sociais máis inmediatos como a familia e a escola son clave para o seu desenvolvemento psicolóxico, emocional, cognitivo e social. En ambos contextos, xurdirán conflitos inherentes ás relacións humanas, desde a escola axudaremos a abordar os problemas para crear ambientes seguros emocionais e comportamentais.

## **6.- FINS E OBXECTIVOS DO CENTRO**

A misión do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar é proporcionar aos nosos/as alumnos/as un desenvolvemento humano e integral, colaborando mestres e familias en estreito contacto e no marco da realidade cultural, social e lingüística do noso contorno.

Non se trata aquí de formular principios da Filosofía da Educación, senón de proporcionar ao alumnado un desenvolvemento das súas capacidades técnicas e humanas, para que as etapas educativas que ofertamos o leven a unha formación integral como persoa adquirindo unas competencias básicas necesarias para a súa integración á sociedade.

### **6.1.- FINS**

Os fins e intencións educativas que persegue o centro están estreitamente relacionados cos principios de identidade. As principais finalidades que presiden a nosa acción educativa son:

- Cumprir os dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas.
- A formación personalizada, que posibilite o pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades do alumnado dentro dun marco de tolerancia, respecto, convivencia democrática e solidariedade.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

- A igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacementos, orixe racial ou étnico, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidades ou calquera outra circunstancia.
- A promoción de todas as capacidades do alumnado, da súa creatividade e das súas iniciativas, no marco dunha gradual autonomía e implicación no proceso de ensino-aprendizaxe e duns hábitos de vida saudable.
- A educación para a convivencia, así como a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- O fomento na responsabilidade individual e no mérito do esforzo persoal.
- A formación para a paz, respecto aos dereitos humanos, á vida en común, á cohesión social, o respecto aos seres vivos e ao coidado do medio ambiente.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos e o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Proporcionar ao alumnado múltiples medios de representación, de acción e expresión e de formar de implicación na información que se lle presenta.
- A promoción da relación escola-familia, que propicie unha relación fluída e un traballo coordinado a prol do desenvolvemento dos obxectivos establecidos.
- A atención psicopedagóxica do alumnado e a orientación para toda a comunidade educativa.

## 6.2.- OBXECTIVOS

Os obxectivos son referencias de difícil medición, pero que amosan unha clara intencionalidade no día a día e que comportan unha vontade de planificación e de desenvolvemento dunhas actividades específicas susceptibles dunha avaliación tanto do proceso da aprendizaxe como do proceso de ensino.

Estes obxectivos diferenciámoslos en distintos niveis:

### **NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN**

- Priorizar o desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.
- Favorecer un clima de convivencia democrática baseada na participación, o

- pluralismo, a tolerancia, o respecto e a aceptación mutua.
- Establecer o marco axeitado que permita a todos os membros da comunidade educativa exercer os seus dereitos sen esquecer os seus deberes.
  - Propiciar relacións de comunicación e de información entre alumnado e profesorado baseados no diálogo, o respecto, a aceptación e a estima mutua.
  - Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
  - Favorecer un clima que estimule actitudes positivas espertando no alumnado a confianza e a automotivación.
  - Desenvolver a capacidade dos alumnos para convivir harmonicamente con todo tipo de persoas, nas máis variadas agrupacións e para os fins máis diversos.

### **EN RELACIÓN CO PROCESO DE ENSINANZA/APRENDIZAXE**

- Concretar as ensinanzas básicas propostas desde a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Potenciar as aprendizaxes significativas baseadas na comprensión e non aquelas que sexan repetitivas ou mecánicas.
- Ensinar a empregar os coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver problemas na súa experiencia diaria.
- Capacitar ao alumnado no coñecemento e utilización de técnicas de traballo intelectual para que, de forma progresiva, poidan aprender de maneira cada vez máis autónoma.
- Organizar o grupo-clase de xeito que se favoreza a aprendizaxe de todos e cada un dos membros do mesmo.
- Empregar técnicas de grupo co fin de conseguir a cohesión e madurez do grupo-clase.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha tódolos mecanismos que proporcione a lexislación vixente.
- Escoller axeitadamente os materiais cos que se vai traballar na aula.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa

Comunidade Autónoma.

- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, un verdadeiro análise de todo proceso educativo en xeral e de cada alumno en particular.

### **EN RELACIÓN CO PROFESORADO**

- Facilitar o desenvolvemento das aptitudes e calidades profesionais e persoais de todos os profesores e profesoras.
- Estimular ao profesorado para que participe activamente na marcha e funcionamento do centro.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Potenciar o traballo en equipo a través dos equipos docentes na Educación Primaria e coordinación de ciclo en Educación Infantil.
- Potenciar a figura educativa do titor/a na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.
- Artellar os procedementos axeitados para que os pais e nais, como titores dos seus fillos, contén coa información suficiente en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.

### **A NIVEL DE CENTRO**

- Establecer canles para a participación na xestión e funcionamento do centro de todos os membros da comunidade educativa.
- Facilitar as asociacións de pais e nais como medios de colaboración das familias na dinámica do centro.
- Manter relacións sistemáticas de colaboración coordinación e apoio con outros centros e institucións da zona.
- Potenciar hábitos de respecto ás instalacións do centro e ao coidado das mesmas.
- Fomentar o uso da lingua galega en todos os eidos, normalizando, valorando e dinamizando o seu uso no centro.
- Potenciar a seguridade no alumnado de que o profesorado sempre estará disposto

a escoitar os seus puntos de vista.

- Conseguir que os alumnos e alumnas teñan a confianza de que, no caso de necesidade, poderán contar con alguén no centro.
- Conseguir que todos os alumnos e alumnas respecten as normas do grupo.

## **A NIVEL DE EQUIPO DIRECTIVO**

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificación.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer a labor educativa.
- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos do colexio.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa.
- Conseguir que todo o persoal docente se sinta útil e satisfeito no desenvolvemento do seu traballo profesional.
- Difundir todos os plans e proxectos incluídos neste Proxecto Educativo entre as familias e a comunidade escolar, empregando a páxina web do centro como vía de comunicación e información habitual.

## ***7.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA***

### **7.1.- CONCRECIÓN CURRICULAR**

O primeiro elemento de concreción curricular son os currículos oficiais, publicados no DOG correspondente, nos que se establecen uns determinados obxectivos xerais de etapa. Estes obxectivos serán tidos en contas nas respectivas programacións, así como na práctica docente diaria.

**Obxectivos xerais para a Educación Infantil segundo o Decreto 150/2022 de 8 de**

**setembro**

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

**Obxectivos xerais para a Educación Primaria segundo o Decreto 155/2022 de 15 de setembro**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.



- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolvemento de hábitos de lectura.
- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

## 7.2.- METODOLOXÍA

### Educación Infantil

Organizaranse os contidos tendendo cara un enfoque globalizador, que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais- situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo,...- nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos e as unidades didácticas.

É importante ofrecerlles aos nenos e ás nenas situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.



É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman formas, tamaños, espazos, volumes, establecen relacións, deseñan situacións...; manifestan as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade será o fío condutor de todas as situacións de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

O paradigma educacional referente debe ser o de aprender a aprender e aprender facendo.

### **Educación Primaria**

A metodoloxía empregada nesta etapa estará fundamentadas en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo.

Nos primeiros cursos da Educación Primaria terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior e nos últimos cursos a vinculación coa etapa seguinte.

A incorporación das competencias clave no currículo da Educación Primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos para usalos con efectividade cando cumpra e aplicalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, os principios metodolóxicos que enmarcan a nosa actividade docente pretenden:

- Potenciar un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade das competencias.
- Seleccionar os contidos que sexan máis relevantes para acadar as competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica de utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.
- Achegar ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc, procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Atender á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.



- Fomentar a motivación, curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Potenciar o traballo individual e cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer, mediante o traballo por proxectos, a organizar o pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.
- Fomentar habilidades que lles permitan utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

### 7.3.- COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por *competencia a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíno o saber ser ou estar.*

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coa lexislación vixente e co anteriormente exposto, nas áreas e materias do currículo preténdese que todos os alumnos e alumnas adquiran as seguintes competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

As competencias clave das etapas de infantil e primaria, para os efectos destes decretos, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

#### 7.4.- AVALIACIÓN

Segundo recolle o artigo 20 da LOMLOE, a avaliación do alumnado da etapa de Educación Primaria será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos da aprendizaxe.

Os criterios de avaliación son os referentes que indican o grao de adquisición das competencias clave e o logros dos obxectivos das áreas. Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha *avaliación inicial*, coa finalidade de adecuar as ensinanzas e facilitar a progresión adecuado ao proceso de aprendizaxe do alumnado. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da eta ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas.

Teranse en conta aspectos actitudinais, o traballo diario de clase (cadernos, fichas,

traballos, exposicións...) e exames ou probas de contidos tanto orais como escritas. A importancia de cada un destes aspectos no cálculo final da cualificación vén dado pola seguinte porcentaxe, tendo en conta que:

- A porcentaxe dos aspectos actitudinais fan referencia ao querer- ser e estar, saber- ser e estar e están relacionados con actitudes, con valores e con normas.
- A porcentaxe de traballos, fichas fan referencia ás destrezas e habilidades, están relacionados co saber-facer e con procesos, procedementos, habilidades e destrezas.
- A porcentaxe de probas orais e escritas engloban os coñecementos, fan referencia ao saber e están relacionados con feitos, datos, teorías, principios e leis.

1º e 2º	Matemáticas e linguas	- aspectos actitudinais : 30% - fichas, actividades, caderno: 50% - probas escritas/orais: 20%
	Naturais e sociais	- aspectos actitudinais: 40% - fichas, actividades, caderno: 40% - probas escritas/orais: 20%
3º e 4º	Matemáticas e linguas	- aspectos actitudinais: 20% - fichas, actividades, caderno: 30% - probas escritas/orais: 50%
	Naturais e sociais	- aspectos actitudinais: 20% - fichas, actividades, caderno: 30% - probas escritas/orais: 50%
5º e 6º	Matemáticas e linguas	- aspectos actitudinais: 10% - fichas, actividades, caderno: 30% - probas escritas/orais: 60%
	Naturais e sociais	- aspectos actitudinais: 10% - fichas, actividades, caderno: 30% - probas escritas/orais: 60%

Ao longo de cada curso realizaranse catro sesións de avaliación que serán presididas polo titor ou titora do grupo de alumnos/as a avaliar, que coordinará a sesión, o profesorado especialista que imparte clase nese grupo e o xefe/a de estudos. Poderán contar co asesoramento do departamento de orientación.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, ou Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NOT) ou Sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas. Irán acompañados dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NOT o 7 e 8, e ao SB o 9 e 10.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta da avaliación final de cada curso, expresándose nos mesmos termos anteriores.

Ao finalizar cada un dos cursos, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en contas os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

Sen prexuízo do anterior, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de primaria, segundo recolle a lexislación vixente, se con isto se mellora a súa integración socio-educativa. Na etapa de Educación Infantil, este alumnado poderá permanecer un ano máis se conta coa autorización pertinente.

Os criterios de promoción vixentes no centro teñen como referente os contidos mínimos esixibles para educación infantil e primaria.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

Os criterios de avaliación serán revisados ao principio de cada curso escolar e actualizados se fose necesario.

Cada mestre pasará ao XADE as cualificacións das materias que posteriormente xerará un boletín de cualificacións que será entregado ás familias.

#### **7.4.1.- CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior e elaborárase un plan de reforzo ou de recuperación.

Cando un alumno/a non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Neste caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo personalizado para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes.

Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal.

Segundo estas premisas na avaliación de cada alumno teranse en conta as seguintes posibilidades:

- Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promocióname de curso ou etapa.
- Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa, polo que non poden repetir máis. Neste caso promocióname de curso ou etapa por imperativo legal.
- Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considérase a conveniencia de que o alumno/a promocióne ou non ao curso ou etapa seguinte, a partir da análise dos seguintes aspectos:
  - a) Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na educación primaria permite que o profesorado poida adoptar



decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocionen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas. Non promocionará nos seguintes casos:

- a. Cando leve cualificación negativa nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá.
  - b. Cando leve cualificación negativa na área de Matemáticas e máis nunha das áreas de Lingua (galega ou castelán)
  - c. Cando leve avaliación negativa en tres áreas, independentemente das que sexan.
- b) A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire en segundo de Educación Primaria vai aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos outros cursos.
- c) As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno/a, segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade...
- d) A conduta do alumno/a e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.
- e) A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
- f) A opinión de pais ou titores/as legais, que serán informados e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.
- g) A consulta ao Departamento de Orientación do centro nos casos que proceda.
- h) Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa o profesorado titor elaborará un informe sobre a evolución e o grao

de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumando con nee deberase reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

#### **7.4.2.- CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA**

O equipo docente propoñerá o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superen todas as áreas da etapa e obteñan sobresaliente ao rematar a Educación Primaria polo menos en 8 áreas, e que demostren un rendemento académico excelente.

#### **7.4.3.- PLAN DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN**

O plan específico de reforzo e recuperación, para o alumnado que promociona con materias suspensas, é un documento organizativo dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade do alumando.

As accións que se planifiquen e se realicen han de estar integradas na programación docente.

O reforzo educativo e de apoio a este alumnado será realizado, polos/as mestres/as con dispoñibilidade horaria, así como polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, sempre e cando a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais o permita.

ESTRUTURA DO PLAN- ANEXO I

#### **7.4.4.- PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO OU PERSONALIZADO**

O alumnado que non promocioe de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Estes plans van orientados á consecución dos obxectivos e competencias clave, mediante a modificación ou adaptación dos contidos, metodoloxía ou avaliación, así como un seguimento personalizado do alumnado.

O principal obxectivo do plan é conseguir que o alumnado supere as dificultades detectadas no curso escolar anterior.



No caso de ter que establecer medidas extraordinarias, dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, e nos elementos de acceso ao currículo, unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou ben porque estas resultaron insuficientes, estableceranse as que se recollen na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro que regula a atención á diversidade, sendo éstas as seguintes:

- Adaptacións Curricular
- Agrupamentos flexibles: só se poderán realizar en 5º e 6º curso de EP
- Apoio do profesorado de PT e/ou AL
- Flexibilización da duración do período de escolarización, reducindo ou ampliando a permanencia nunha determinada etapa.
  - Atención educativa: domiciliaria, hospitalaria, virtual, medidas de responsabilidade penal, violencia de xénero e/ou acoso escolar, familias itinerantes, procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

ESTRUTURA DO PLAN- ANEXO II

### **7.5.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar e a proposta de alternativas que lle faciliten ao alumno/a a toma de decisións, así como o seu desenvolvemento como persoa e a socialización.

O Plan de Acción Titorial é a concreción, de forma sistemática e intencional, que se desenvolve no centro respecto da acción titorial.

*Véxase PAT*

## **7.6.- PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Dado que no entorno familiar o noso alumnado non usan a lingua galega, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ademais de promocionar o galego dentro da Comunidade Escolar, tratará de combinar coa ANPA todos os esforzos posibles para desenvolver actividades que dalgunha maneira favorezan o emprego (tanto dos pais coma dos fillos) de usar a Lingua Galega na vida cotiá.

O obxectivo é conseguir que o galego ocupe, tanto na lingua oral como na escrita, o lugar que lexitimamente lle corresponde, é dicir, que se use nun grao equilibrado co castelán. Este logro só se acada se se utiliza a lingua galega en todos os ámbitos da vida social e escolar.

Tomando como base o exposto anteriormente, deseñouse este proxecto, no que o seu principal protagonista é o alumnado, creando un espazo onde podan acadar unha axeitada competencia lingüística.

*Véxase Proxecto Lingüístico*

## **7.7.- MEDIDAS PARA PROMOVER ESTILOS DE VIDA SAUDABLES**

A formación dos nosos escolares en hábitos saudables hixiénicos, físicos, alimenticios redundará na mellora da súa saúde futura.

Tampouco hai que esquecer que tanto a escola como a familia son dous referentes fundamentais para que os nenos e nenas teñan un axeitado desenvolvemento da área afectivo-sexual, especialmente, cando lles chega tanta información desde a sociedade, os medios de comunicación, internet... que en ocasións non é moi veraz e obxectiva.

Non debemos esquecer educar ao alumnado no coñecemento dos comportamentos que permiten reducir o número de accidentes de tráfico, domésticos, deportivos ou incluso os producidos na escola.

Os obxectivos que nos propoñemos son:

- Desenvolver hábitos hixiánicos saudables: limpeza (corpo e vestido), saúde bucodental, hixiene postural, descanso e relaxación.
- Adquirir os coñecementos e hábitos alimentarios saudables necesarios para a mellora da calidade de vida e a prevención de trastornos da conducta alimentaria.
- Desenvolver a práctica habitual da actividade física como un medio para mellorar a saúde e a calidade de vida, a través da exploración e desfrute das posibilidades motrices, da relación cos demais e do ocio saudable.
- Establecer relacións interpersoais responsables e saudables no ámbito afectivo-sexual que contribúan ao desenvolvemento integral da persoa.
- Adquirir coñecementos e adoptar comportamentos seguros cun mesmo e cos demais.

*Véxase Plan de Actividades Físicas e Saudables*

## **7.8.- PLAN DE CONVIVENCIA**

O Plan de Convivencia do centro enténdese como un conxunto de accións fundamentadas, priorizadas e organizadas para que o centro, en función da súa situación e necesidades, estableza as medidas que considere máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora da convivencia no mesmo e o enriquecemento dos individuos como persoas.

*Véxase Plan de Convivencia*

## **7.9.- PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA**

Seguindo a "Estratexia galega de convivencia escolar 2025" os centros escolares precisan avanzar de cara á construción de centros máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

Neste eido, este plan tenta conseguir a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado, e establecer os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar a

labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

*Véxase Plan de Benestar*

### **7.10.- PROXECTO LECTOR- PLAN DE BIBLIOTECA E LECTURA**

Neste centro promoveremos as medidas necesarias para que o profesorado nas distintas áreas e materias desenvolva actividades que estimulen o interese e hábito de lectura, non só para o alumnado senón para tódolos membros da comunidade educativa.

*Véxase Plan Lector e Plan de Biblioteca e Lectura*

### **7.11.- PLAN DE EDUCACIÓN DIXITAL**

Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios.

Por iso, neste centro promoveremos as medidas necesarias para que o profesorado nas distintas áreas e materias desenvolva actividades relacionadas co uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

*Véxase Plan Dixital*

### **7.12.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atendo a normativa vixente, desde o centro promovemos aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan no noso centro.

*Véxase PXAD*

## 8.- **ESTRUTURA ORGANIZATIVA**

### 8.1.- **ÓRGANOS COLEXIADOS E DE GOBERNO**

<b>ÓRGANOS DE GOBERNO</b>	
<b>UNIPERSOAIS</b>	<b>COLEXIADOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Directora</li> <li>- Xefa de estudos</li> <li>- Secretaria</li> </ul>	<p><b>Claustro de mestres:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 4 mestres de Educación Infantil</li> <li>- 8 mestras de Educación Primaria</li> <li>- 6 mestras especialistas: PT, AL, Lingua Inglesa (2), Música, Educación Física</li> </ul> <p><b>Consello Escolar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Directora</li> <li>- Xefa de Estudos</li> <li>- Secretaria</li> <li>- 5 representantes de pais/nais</li> <li>- 5 representantes de mestres</li> <li>- 1 representante do concello</li> <li>- 1 representante persoal e servizos</li> </ul>

### 8.2.- **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

- 1 equipo de Ciclo de Educación Infantil
- 3 equipos de ciclo de coordinación na Educación Primaria.
- Departamento de Orientación.
- Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.
- Equipo TIC
- Equipo de Biblioteca
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega

### 8.3.- **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS**

Na estrutura e funcionamento do centro requírese e interveñen, ademais do alumnado e docentes, outro grupo de persoas que teñen diferentes competencias e responsabilidades igualmente importantes para o bo funcionamento do colexio. Todos traballan no mesmo

espazo físico e todos contribúen desde cada posto no que facer educativo e aportan a súa colaboración a tódolos membros da comunidade educativa.

O centro conta con 1 conserxe e 2 limpadoras.

#### **8.4.- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS**

No centro están establecidos os mecanismos necesarios para a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa para que as súas opinións sexan consideradas e se teñen en conta á hora da toma de decisións.

Prestamos a atención necesaria e o asesoramento a pais e nais para facilitarlles o exercicio dos seus dereitos.

No noso centro está constituída a Asociación de Nais e Pais Galatea.

#### **9.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O servizo de comedor regúlase polo disposto no Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos; polas Orde do 21 de febreiro de 2007 e Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a anterior. Así como polas Instrucións da Secretaría Xeral Técnica de Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta que se publica cada ano polo mes de xuño.

A modalidade de prestación do servizo do comedor do CEIP Virxe do Mar é a de xestión indirecta da Consellería de Educación mediante a contratación cunha empresa de restauración da elaboración dos menús e do seu transporte, así como do servizo ás mesas, a atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor (agás o chan cuxa limpeza é responsabilidade do persoal non docente do centro).

Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo A (ata 86 comensais).

O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

*Véxase Protocolo Comedor*

## **10.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

A actividade do día a día no centro leva parellas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento que mellor se reflicte esta estrutura organizativa está recollida no documento Normas de Organización e Funcionamento.

*Véxase NOF*

## **11.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

O Plan de Autoprotección conta cunha serie de accións e medidas, adoptadas polo centro, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito das competencias, encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, e dar resposta adecuada ás posibles situacións de urxencia e a garantir a integración destes actuacións no sistema público de protección civil.

No curso 2014/2015 os servizos de Protección Civil do Concello de Narón elaboraron o Plan de Autoprotección do Centro.

*Véxase Plan de Autoprotección do Centro*

## **12.- XESTIÓN ECONÓMICA**

A planificación da xestión económica vains servir para establecer os criterios e directrices a seguir na toma de decisións referidas a xestión dos recursos materiais e económicos do centros. A xestión levarase a cabo tendo en conta:

- necesidade dos recursos básicos
- melloras das instalacións
- melloras dos equipamentos e materiais

A nosa finalidade é a de mellorar a calidade do ensino e as boas condicións do centro educativo, en beneficio da comodidade e benestar dos membros da comunidade educativa.

### **Obxectivos**

- Xestionar material de oficina.
- Mellorar e manter os recursos informáticos do centro.
- Establecer boas condicións de traballo para toda a comunidade educativa.

### **Elaboración e aprobación**

Lévase a cabo tendo en conta o seguinte procedemento:

- O secretario/a do centro elaborará o anteproxecto de orzamento anual.
- Dito anteproxecto convértese en proxecto unha vez aprobado pola Comisión Económica do centro.
- O proxecto xunto cunha memoria xustificativa, que define os obxectivos que se pretenden conseguir, preséntase ao Consello Escolar.
- Elévase á Xefatura Territorial para coñecemento e revisión de legalidade.
- Se o Consello Escolar non aproba o orzamento remítese á Xefatura Territorial xunto coa certificación da acta da sesión onde figuren os motivos para a non aprobación. A Xefatura Territorial resolverá no prazo máximo dun mes.

### **Modificación**

- Os créditos de gasto do orzamento aprobado vincúlanse co nivel de desagregación con que se aprobaron. Non obstante, poderán ser modificados:
- Por redistribución dos créditos do propio centro, atendendo á finalidade do gasto.
- Por aumento dos ingresos procedentes da Consellería.
- Os ingresos efectivamente realizados e que superen os inicialmente previstos no orzamento do centro.

### **Procedemento a seguir para a modificación**

- O director/a é o órgano competente para propoñer as modificacións
- Presentaranse ao Consello Escolar xunto cunha memoria xustificativa.
- O Consello Escolar, co informe da Comisión Económica, procederá á súa avaliación.
- O director/a aproba as modificacións que xunto coa memoria xustificativa remitiranse á Xefatura Territorial.



- No prazo dun mes, poderá formular reparos e observacións, sempre por razóns de legalidade e de xeito motivado.

### **Critérios para a distribución**

- No primeiro Claustro planificarase a dotación económica para as distintas titorías e especialidades.
- A Biblioteca conta cun 10% da partida presupostaría así como unha partida propia dende a Consellería de Educación por pertencer ao PLAMBE

### **Contabilidade**

- Levarase a cabo unha contabilidade auxiliar á da Comunidade Autónoma, na que se detallarán tódalas operacións realizadas. A citada contabilidade axustarase ás normas, principios, procedementos e modelos que estableza a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- Os remanentes do exercicio anterior e os ingresos efectivamente realizados reflectiranse na contabilidade da Comunidade Autónoma.

### **Xustificación do gasto**

- O director/a presentará ao Consello Escolar, para a súa avaliación, a conta de xestión do orzamento, referida ao 31 de decembro de cada exercicio económico.
- Unha vez avaliada polo Consello Escolar e aprobada polo director/a, e antes do 31 de xaneiro do exercicio económico seguinte, remitirase á Xefatura Territorial. Se non fose aprobada a conta de xestión remitirase xunto coa certificación do acordo que figura na acta de sesión onde consten os motivos para a non aprobación, á Xefatura Territorial que resolverá o que proceda.
- Un exemplar da xustificación unirase ós xustificantes orixinais e demais documentos acreditativos, que quedarán arquivados no centro.

## ***13.- AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN, APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO***

O Proxecto Educativo e o seu grado de consecución será avaliado e valorado na memoria

anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, de xeito que poidan facerse melloras que permitan un maior grao da consecución dos obxectivos plantexados. Terase en conta que para acadar unha liña educativa coherente os cambios deben ser mínimos, pois os procesos educativos necesitan longos períodos de tempo para se consolidar.

O Proxecto Educativo aparecerá na páxina web do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, quedando derogado o anterior.

- **Aprobado polo Claustro:** 2 de abril de 2024
- **Aprobado polo Consello Escolar:** 2 de abril de 2024

A directora  
M<sup>a</sup> del Carmen Loureiro Rodríguez

A secretaria  
Iria Rico Varela